

ESTREA EN NUMAX: 14.12.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Neruda (2016, 108')

Dirección: Pablo Larraín

Guión: Guillermo Calderón

Reparto: Luis Gnecco, Gael García Bernal, Mercedes Morán, Alfredo Castro, Pablo Derqui, Marcelo Alonso, Alejandro Goic, Antonia Zegers, Jaime Vadell, Diego Muñoz, Francisco Reyes, Michael Silva, Victor Montero

Montaxe: Hervé Schneid

Dirección de arte: Zimon Briceno, Mario Ricci

Son: Alex Alcántara

Música: Federico Jusid

Fotografía: Sergio Armstrong

Produtora: Casting del Sur, Fábula (Chile), AZ Films, Televisión Federal [Telefe] (Arxentina), Ad hoc studios, Setembro Cine (España), Funny Balloons, Reborn Production (Francia), Participant Media (Estados Unidos)

Distribuidora: Wanda Vision

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español, francés

FILMOGRAFÍA

El club, 2015

Ecos del desierto, 2013 [Miniserie TV]

No, 2012

Post Mortem, 2010

Tony Manero, 2008

Fuga, 2006

FESTIVALS

Quincena Realizadores Cannes 2016, Donostia 2016 (Perlas), Londres 2016 (sección oficial), Munich 2016 (sección oficial), Lima 2016 (mellor guión), Woodstock 2016 (mellor filme estranxeiro), Fénix 2016 (mellor filme).

SINOPSE

En 1948, o senador e escritor Pablo Neruda acusa ao goberno chileno de traizoar os comunistas no congreso. O presidente González Videla ordena a súa captura. O poeta emprende a fuxida do país xunto á súa muller. Mentres é perseguido polo prefecto da policía, Neruda comeza a escribir *Canto general* e convértese en símbolo da liberdade e lenda literaria.

«Un filme improbable, a miúdo surrealista e incrivelmente entretido. Vertixinosamente construído e cheo de máis vida e significado que a maioría dos biopics»

Benjamin Lee. THE GUARDIAN



NERUDA

[Pablo Larraín, 2016]

«En canto comprendín que Neruda nunca ía ser meu foi moi liberador»

Entrevista a Pablo Larraín
Por Nando Salvá

É certo que inicialmente non quería facer este filme? Si. Cando meu irmán, e produtor, Juan, ma propuxo hai sete anos eu díxenlle: «Estás completamente tolo. Iso non se pode facer». A idea atemorizábame, porque Neruda é grande de máis. En Chile, nos colexios, hai un momento no que o profesor de lingua anuncia: «Agora imos falar de Neruda», e durante seis meses non se fai outra cousa. Pero en canto comprendín que Neruda nunca ía ser meu, que nunca sería quen de meter ese gato nunha gaiola, foi moi liberador.

En que sentido? Comprendín que se non podía facer unha película sobre Neruda faríaa sobre o nerudiano; sobre o cosmos e sobre o que a súa obra xera. *Neruda* é un filme inclasificábel que mestura elementos do film noir e a comedia negra e a road movie e o western. É un antibiopic. O subcomandante Marcos dicía: «Viñemos traervos un problema e convidarvos a cargar con el». Neruda é ese problema.

Case todo o seu cinema explora o pasado chileno. Por que? O pasado é necesario. Sería demasiado cómodo vivir no mundo finxindo que todo sucede nun baleiro, que non hai antesalas nin conexións. Non podemos quedar parados mirándonos os pés. Para entender quen somos hai que mirar atrás, é o único xeito de sobrevivir ao absurdo das nosas vidas. O pasado inquiétame moito, porque me parece imposible de aprehender, inasíbel, é un reto incrível. As películas son iso, retos. Un director é coma un neno cunha bomba: un perigo.

Faría unha película sobre Augusto Pinochet? Non, non podería. Necesito sentir amor e compaixón polos meus personaxes. A Pinochet téñolle demasiada carraxe.

Seus pais están situados ideoloxicamente á dereita. É a súa carreira como director unha reacción contra iso? É difícil de contestar iso. Cústame saír de min para observarme. Só direi que agardo poder educar o meu fillo de forma que teña a porta aberta para

defender ideoloxías opostas ás miñas, iso parécese un gran mérito por parte dun pai. E non é tan simple. Meus pais son de dereitas, pero meu avó era un xornalista moi próximo a Allende, e que entrevistou a Lenin. En Chile críticanme de xeito brutal, pero éme igual. Até certo punto fascíname irritalos tanto. Eu fago películas, polo amor de Deus. Só películas.

Publicado en www.elperiodico.com
Tradución de Olalla Cociña

«Fixemos unha película nerudiana, máis que unha película sobre Neruda»

Entrevista a Pablo Larraín

Como absorbe Neruda na súa vida artística os feitos que ocorren no Chile dos anos corenta, e como te achegaches a esa noción? Durante este escape, Neruda escribiu boa parte do *Canto General*, se cadra o seu libro máis macizo, complexo e arriscado, pois sentiuse inspirado por todo o que viu e viviu mentres escapaba. Os seus textos están cheos de furia e delirio, cheos de soños terribéis, e cheos dunha descrición cósmica dunha Latinoamérica en crise, rabiosa e desesperada. Neruda construíu un testamento político, de guerra, de ira e de poesía mentres escapaba, o que abriu as portas a imaxinar un delirio policial, xa que, igual que o poeta e a súa obra, a película constrúe un cruce entre a arte e a política desde un punto de vista cinéfilo e literario.

Por que escolliches o escape de Neruda?

Neruda amaba as novelas policiaais, por iso a película se formula como unha road movie con tintes policiaais; xéneros que implican un cambio e evolución nos personaxes, e no noso caso, a partir da vontade do absurdo e da farsa. Pensamos na paisaxe e no deambular, como un dispositivo transformador e iluminador. Ninguén remata igual que como empeza, nin o cazador nin a presa. Nós inventamos un mundo como Neruda inventou o seu. Fixemos unha película nerudiana, máis que unha película sobre Neruda, ou se cadra ámbalas dúas cousas. Fixemos unha novela que nos tería gustado que Neruda lese.

Publicado en www.wandafilms.com
Tradución de Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

El Club, Pablo Larraín. Cameo [DVD]
Canto general, Pablo Neruda. Seix Barral
Veinte poemas de amor y una canción desesperada, Pablo Neruda. Alianza Editorial, 2015
Chile bajo Pinochet, Claude Klatz. Anagrama, 2015
Chile a la vista, Eduardo Blanco Amor. Galaxia, 2015

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME